

Letras galegas

Reveladora análise

ROMÁN RAÑA

A profesora Pilar García Negro (Lugo, 1953) ofrécenos, en *Cantares gallegos, hoxe*, unha reveladora análise acerca da obra rosaliana, enmarcándoa no seu tempo e analizando até o pormenor o seu significado global e particular. É faiño, desde logo, con rigor e contundencia, sen medias tintas nin parábolas anecdóticas que disgregan e disipan a verdadeira dimensión da nosa precursora.

Facemos nosas as palabras da autora cando afirma e reafirma o carácter transgresor de Rosalía ao publicar, no xa remoto 1863, o libro aural que fai renacer a nosa literatura e, con ela, a reivindicación dunha lingua de noso e dun país que vivía sumido nas tebras esmagadoras dunha absoluta falta de conciencia de si, xunto cunhas condicións de vida de flagrante miseria onde os foros abusivos só podían producir un masivo éxodo poboacional e un lendario analfabetismo. Sitúase, o seu estudo, no ronsel de Catherine Davies e Francisco Rodríguez, os primeiros en desenmascarar a mitificación interesada que quería ver en Rosalía unha santiña doméstica e submisa, case iletrada, cumpridora do rol que o patriarcado asignaba ás mulleres naquela altura: fornecedora de fillos, amante do fogar e servidora do marido. Xa ambos

os dous estudosos demostraron que a santiagueza rompeu con esa imaxe pacata cunha bagaxe intelectual que desafiou a estreitez da sociedade conservadora de entón. Pilar García Negro afonda nesta dirección proclamando a Rosalía, por medio do seu prólogo, como a primeira ensaísta na nosa lingua (moito antes, portanto, que Risco ou Castelao), e descubriendo que a nosa poeta era moi consciente de que o camiño que emprendería significaba unha andadura sen retorno e dignificaba un pobo maltratado pola metrópole. O seu trajecto era, pois, un proxecto. Igualmente, a súa actitude de denuncia da condición explotada da muller forma parte, sen dúbida, do seu elenco reivindicativo. Eis outro mérito da investigadora: observar os pequenos detalles de Rosalía para comprender a verdadeira magnitude dos seus actos e dos seus textos (que, por certo, aparecen minudentemente examinados na sección 36 poemas). Precisamente estes dous vocábulos, significación e dignificación, son o eixo central deste volume exhaustivo que debe ocupar o lugar que lle corresponde no xa longo caudal dos estudos rosalianos.



Cantares gallegos, hoxe

P. GARCÍA NEGRO

Ed. Alvarellos
Santiago, 2013
PVP. 13 euros